

ENFIANDO

AS ELECCIÓN E O PAÍS DO FUTURO

Texto Francisco X.
Fernández Naval
Escritor



O vindeiro 19 de xuño, día das eleccións ó Parlamento de Galicia, será, sen dúbida, unha data histórica para a sociedade galega, xa que, –e non hai que ser augur para afirmalo–, pase o que pase ese día, sexa cal sexa o resultado do exercicio cidadán do voto, nada na política galega volverá a ser como era.

Suceda o que suceda nesa xornada e nas seguintes –que para coñecer o resultado definitivo haberá que agardar a apertura das sacas e escrutinio dos votos da emigración–, nada será como ata agora, xa que, en calquera caso, Manuel Fraga non será o Presidente da Xunta de Galicia durante os vindeiros catro anos. Aínda vencendo nas eleccións a súa candidatura, aínda teimando por estirar o seu alento último, cuestións fisiolóxicas e de partido forzarán un cambio que, se non se produce polas boas, será polas malas, postulándose un presidente non sancionado polas urnas, coa posibilidade real de fractura do Partido Popular e coa ameaza dun goberno na sombra, liderado polo quinto candidato da lista por Pontevedra, –Cuiña–, posibilidade xa advertida por Xosé Luís Barreiro Rivas.

Logo de dezaseis anos co mesmo presidente, a cuestión non é banal, xa que un cambio como o que se avaiña, sexa por decisión popular ou por xubilación ineludible, debería pillar atenta e en garda a unha comunidade. Momentos así son puntuais na historia, porén, non se advirte na sociedade galega unha particular tensión.

É posible que hoxe Galicia teña asumido ese modelo que consagra o divorcio entre política e sociedade, eles por unha banda e o corpo social por outra, situación que habería que imputarlle ós populares, pero tamén, aínda que en grao menor, por abandono e por omisión, ós outros partidos, con ou sen representación parlamentaria, partidos ós que lles costa artellar un discurso que ilusione á xente e que, ás veces, no ámbito local

no que gobernan, reproducen ese divorcio entre sociedade e cousa pública.

Desvencellar a unha sociedade da vida política é aneio do poder que pretende perpetuarse, de maneira que o cidadán chega a manifestar como un valor, que non entende de política ou que esta non lle interesa, permitindo dese xeito a peor política posible, a de quen desconvoca e distancia, a dos que limitan o exercicio da democracia ó proceso electoral que ten lugar cada catro anos, esquecendo que esta se fai todos os días, a daqueles que desprezan as expresións dos outros cualificándoas de revolta, crispación, resentimento ou infamia –exemplos temos de todo isto–.



En Galicia esta sensación víñase sentindo dende hai tempo, cousa da subvención e do subsidio. A sociedade máis dinámica vai por un lado, a política e a administración por outro. Nese contexto, Nunca Máis foi unha reacción que respondeu con valentía e con firmeza ó abandono e ó engano, pero que non chegou a transformar a inercia de vivir de costas á actividade política, aínda que, se cadra, demostrou que existe máis nervo social do que algúns pensaban e alimentou a expectativa de cambio que se intúe na intención de voto para o día 19.

Hai unha segunda explicación a esa falta de tensión. Resulta posible que a sociedade estea tan convencida dese cambio, que vive confiada, agardando unicamente que chegue ese momento sen volta, e aínda poderíamos aportar unha terceira razón, esta pouco edificante, a de que a

sociedade galega no seu conxunto, envellecida e cun pouso histórico longo e non sempre feliz, xa non se deixa sorprenden nin tensionar por case nada. Nesta última persoalmente prefiro non crer.

Se aceptamos a premisa de que o cambio, por fas ou por nefas, é irreversible, o máis saudable sería que fose a propia sociedade, co seu voto, quen se anticipase, garantindo, dese xeito, un presidente e un goberno resultado da súa vontade, só ou coiligado, e non consecuencia de estratexias que non figuran en programa electoral.

En calquera caso, é preciso advertir e preparámonos para os novos tempos que veñen, na certeza de que todos estamos convocados, non xa a votar, senón, e sobre todo, a construír diariamente o país do futuro.



Contrapostas,
imaxes do antigo mapa de
Galicia e do actual, tomada
desde un satélite